



**Árbore
Conmemorativa**

Árbore doada polo Colexio Público "Castilla" de Aranda de Duero con motivo da súa vista a Padrón no ano 1998.



SABINA DO INCENSO "Sabina de Aranda de Duero"

Juniperus thurifera

SABÍAS QUE...? É tan abundante a produción de pole nas súas abundantes flores, que os días ventosos aparenta saír fume das árbores. Nalgunhas zonas a isto chámase popularmente "cierna".

Pertencente á familia das Cupresáceas. Habita en España, Francia, Córsega e norte de África. As súas mellores representacións atópanse no centro e este peninsular.

Nome común: Sabina albar, Enebro, Cedro de España (cast.); Sabina do incenso (gal.); Spanish juniper (ing.).

Etimoloxía:

- Juniperus: nome xenérico que procede do latín iuniperus, que é o nome do xenebreiro
- thurifera: quere dicir 'portadora de incenso', polo aroma característico que lle dan os aceites esenciais da súa madeira

Descrición da especie: Árbore sempre verde, aromático, que pode alcanzar os 20 m de altura, aínda que o normal é que apenas exceda os 8 m. O porte é piramidal. A forma do seu tronco é moi variable, pode ser cilíndrico e recto en exemplares ben desenvolvidos, aínda que por regra xeral é tortuoso. A cortiza é de cor cinza claro, fibrosa e gretada lonxitudinalmente, despréndese en forma de fibras ou tiras. A copa é moi densa, de cor verde escuro, de forma tan variable como o troco: cónica ou ovalada en exemplares novos ou ben desenvolvidos, pode ser asimétrica, irregular. As ramiñas son algo planas e ásperas ao tacto. Están formadas por follas escamiformes, dun verde intenso, e aplicadas, é dicir, adheridas ao talo ao que recubren totalmente, de forma romboidal cunha punta curta diverxente. Con todo, pódense ver folliñas recentemente saídas e novas que son como as dos xenebreiros, en forma de pequena agulla. Os exemplares adoitan ter os conos masculinos e os femininos separados no mesmo pé de planta. É dioica. Os pés femininos producen unhas frutificacións chamadas gábulas. Son redondeadas, de cor verde que pasa a avermellado e finalmente morado case negro ao final da súa madurez. No seu interior hai de 1 a 3 sementes. Os pés masculinos producen grandes cantidades de pole nas súas abundantes flores, que é dispersado polo vento.

